



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO AMPLIACIÓN ALTO DA CROA II, NO CONCELLO DE DUMBRÍA (A CORUÑA), PROMOVIDO POR WIND PREMIER O PEDREGAL, S.L.U. (CLAVE: 2023/0006)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (*BOE núm. 296 do 11 de decembro*), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (*BOE núm. 294 do 6 de decembro*), polo Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño (*BOE núm.175, do 24 de xuño*) e polo Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro (*BOE núm. 341 do 31 de decembro*), establece no seu artigo 71.a, que os proxectos incluídos no seu anexo I serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito Anexo I atópanse, no grupo 3.i, os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque atoparase a menos de 2 km do parque eólico Valsalgueiro, que se atopa en funcionamento.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Wind Premier O Pedregal, S.L.U. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 4,50 MW de potencia total no concello de Dumbría (A Coruña), composto por un aeroxerador e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataforma de montaxe, gabias do cableado, un centro colector e unha torre meteorolóxica) que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto, segundo a súa configuración inicial, son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 1
- Modelo previsto: SG 4,50-145 de Siemens-Gamesa ou similar
- Potencia nominal unitaria: 4,50 MW.
- Potencia total instalada: 4,50 MW.
- Altura de buxa: 90 m
- Diámetro de rotor: 145 m
- Orzamento (execución material): 3.182.059,03 €.






O parque contará coa infraestrutura necesaria para produción de enerxía eléctrica renovable para o cumprimento dos obxectivos do PNIEC no 2022 no que foi admitido a trámite.

A evacuación da enerxía dende o centro de seccionamento se realizará mediante unha liña de 30Kv ata a subestación colectora A Lagoa 30-66/220 Kv para finalmente chegar a rede de transporte do nó Regoelle, esta liña será obxecto doutro expediente.

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 3 meses.

Inclúese a continuación un bosquexo do proxecto coa configuración reflectida no estudo de impacto ambiental.



1.3. Principais elementos ambientais da contorna

Segundo se indica no EslA:

- 1.-Clima:** O clima da zona de implantación é morno, os veráns son frescos e os invernos son fríos sendo a época mais chuviosa do ano. De acordo a clasificación bioclimática de Allué, a zona ten as características de rexión mediterránea subhúmida con tendencia centroeuropea.
- 2.-Ruído:** A zona estudada ten unha calidade acústica excelente, xa que se sitúa nun entorno rural sen actividade industrial relevante no entorno próximo e sen estradas importantes.
- 3.-Xeoloxía:** A localización do PE se atopa sobre rochas graníticas.
- 4.-Edafoloxía:** Os solos predominantes na zona de estudo seguindo a clasificación do USDA son Inceptisoles e Entisoles.





5.-Hidroxeoloxía: O PE se atopa sobre a masa de auga Costa da Morte, con código de masa de auga 014.009, moi próxima á masa de Xallas con código de masa de auga 014.018.

6.-Hidroloxía: Na zona na que se ubica o aeroxerador non se localiza ningún curso fluvial ao ter sido proxectado en cotas altas chas, quedando os cursos de auga nos fondos dos vales.

Para realizar o acceso á posición do aeroxerador, aproveitando a rede de viais e estradas existente é preciso adecuar o vial existente que cruza os regos de Berdeogas e Alvarellos.

7.-Pendentes: Os solos que rodean o PE Ampliación Alto da Croa II presenta pendentes moderadas, sen embrago a zona de implantación é cha.

8.-Hábitats de interese comunitario: Na zona de implantación se localizan 2 hábitats con código 4020 a uns 960 m e 2.300 m.

9.-Rede Natura 2000: No entorno do PE non existen espazos da Rede Natura 2000. O espazo máis próximo e o ZEC Carnota-Monte Pindo, sito a uns 5,50 km ao suroeste da zona de implantación.

10.-Rede Galega de Espazos Protexidos: O espazo protexido máis próximo é a ZEPVN Carnota-Monte Pindo sita a uns 5,50 km ao suroeste da zona de ampliación.

11.-Flora: A zona de implantación do PE presenta principalmente mato e pes de eucaliptos de escaso desenvolvemento. O mato se atopa dominado por toxos, felgos, uces e silvas. No entorno do camiño de acceso se observan rodais de eucaliptos e piñeiros, tanto en masas monoespecíficas como en masas mixtas.

12.-Fauna: Segundo a información recollida, na zona de implantación se localizan diversas especies de rafiñas, anfibios e réptiles protexidas.

13.-Patrimonio arqueolóxico: Os elementos máis próximos as estruturas do PE son a Mámoa do Pedregal (GA15034013) a uns 225 m e a Mámoa da Caforra (GA15034008) a uns 260 m.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 1/04/2019, Wind Premier O Pedregal S.L.U. solicitou as autorizacións administrativas previa e de construción, a declaración de utilidade pública, e a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto denominado Parque Eólico Ampliación Alto da Croa II, ao abeiro da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

O 03/06/2022 tivo entrada na Xefatura Territorial da Coruña, a seguinte documentación correspondente ao devandito proxecto, consistente en:

- Solicitud IN408A de autorización do proxecto do 01/04/2019.
- Proxecto de Execución do Parque eólico Ampliación Alto da Croa II. (visado ICOIIG 25/06/2019).
- Proxecto de Interese Autonómico do Parque eólico Ampliación Alto da Croa II. (visado ICOIIG 25/06/2019).
- Estudo do Impacto Ambiental do Parque Eólico Ampliación Alto da Croa II (asinado 07/02/2022).





- Separatas Técnicas para Concello de Dumbría, Augas de Galicia, Sasemar, UFD Distribución Electricidad, SA, Cellnex Telecom, Retegal (visado ICOIIG 25/06/2019).
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. (08/07/2021).
- Arquivo shape parque eólico.
- Relación de Bens e Dereitos Afectados Parque Eólico Ampliación Alto da Croa II.

Tras o requirimento de emenda da solicitude, o 08/08/2022 e 12/09/2022 o promotor presentou nova documentación.

Mediante acordo do 16/09/2022 (*DOG do 11/10/2022*), da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Ampliación Alto da Croa II, en cumprimento do sinalado no artigo 33.10 da citada Lei 8/2009, do 22 de decembro. Consta no expediente o certificado de exposición pública do expediente emitido polo concello de Dumbría. Tamén foi publicado o devandito anuncio no xornal "La voz de Galicia", na edición Carballo-Bergantiños, do día 11 de outubro de 2022. Así mesmo, efectuouse o trámite de consultas sobre o estudo de impacto ambiental.

Durante o período de información pública recibíronse 17 alegacións que foron remitidas ao promotor para que as contestase en defensa dos seus intereses.

O 30/09/2022 iniciouse o trámite de consultas aos organismos afectados, así como aos indicados polo órgano ambiental e o órgano urbanístico.

O 5/01/2023 se recibe nesta Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente ambiental e se considera que o expediente de avaliación de impacto ambiental está completo para iniciar a súa análise técnica.

En datas de 10/01/2023 e 11/01/2023 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética remite documentación complementaria en relación aos informes do Instituto de estudos do Territorio e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. O 13/01/2023 dáse traslado da dita resposta á DXPN.

2.2. Resumo do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), o documento técnico do proxecto de execución, diversas addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

A avaliación non inclúe os aspectos de seguridade das instalacións e dispositivos eléctricos, de seguridade e saúde no traballo, de seguridade aérea, estradas e outros que posúan normativa reguladora e instrumentos específicos e se atopan fora do alcance da avaliación ambiental, nin todo aquilo que se atopa fora do ámbito da poligonal na que se pretende a execución do proxecto.

En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

- A **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior** en data de 5/010/2022 informa que tras revisar a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que se puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan, elaborado por





técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

Engade que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

En data de 21/11/2022 o promotor acepta o contido do informe.

- A **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** (DXPC en adiante) en data de 30/12/2022 informa que dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural se informan de xeito favorable os documentos do *Estudio de Impacto Ambiental. Parque Eólico Ampliación Alto da Croa II, febreiro 2022* e *Proyecto de interese autonómico. Parque Eólico Ampliación Alto da Croa II en el término municipal de Dumbría (A Coruña), agosto 2022*, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo 6 do EsIA, e tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Non poderá realizarse ningún tipo de adecuación e/ou ampliación do viario que vai dende o norte (AC-442), no tramo que discorre pola área de protección da Mámoa do Cruceiro da Farrapa 1 (GA15034007).
- O Cruceiro de Cándido en Vista Alegre (E-5) e o seu contorno de protección deberá situarse correctamente na distinta cartografía do proxecto e da obra.
- Prestarase especial atención ás afeccións sobre os muros tradicionais que poidan existir na zona de obras. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas e cimentación estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan ver afectados polas obras. En todo caso, procurárase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.

Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental procederase á reintegración e remate axeitado.

- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). Este proxecto contemplará as medidas protectoras e correctoras indicadas no Anexo 6.- *Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio. Parque Eólico Ampliación Alto da Croa II*, mais as derivadas deste informe.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas. Realízase un especial seguimento da roza da vexetación das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primárase a conservación dos mesmos, avalíase o impacto das obras sobre eles e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse





inmediatamente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

O promotor, en data de 3/01/2023 acepta o contido do informe.

- A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** (DXPN en adiante) en data de 18/12/2022 informa que en relación ao EsIA do PE Ampliación Alto da Croa II cabe facer as seguintes consideracións:
 - Non se aporta o traballo de campo detallado sobre os censos de periodicidade mensual ao longo dun ciclo anual, para avifauna.
 - Non se aporta no EsIA o traballo de campo de censos de quirópteros.
 - O proxecto analizado sitúase nunha contorna onde existe un alto nivel de ocupación de parques eólicos, tendo en conta que existen 13 parques eólicos en tramitación (40 aeroxeradores) e 7 parques eólicos en funcionamento (139 aeroxeradores), todos eles a menos de 10 Km. Polo tanto analizadas as posicións dos aeroxeradores proxectados e en funcionamento, confirmase que o aumento de densidade de aeroxeradores xerará probablemente un efecto sinérxico, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna, incompatible coas necesidades destas poboacións.
 - Contémplanse as medidas a adoptar con respecto das redes primarias das faixas de xestión da biomasa vexetal existente na contorna onde se van a desenvolver as obras, segundo o artigo 20 bis.c) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Falta a cartografía das medidas a adoptar.
 - Non se describen os traballos de campo para as diferentes especies faunísticas na zona de actuación.
 - Non se describen claramente os traballos de campo para a localización de exemplares da especies de flora ameazadas dentro das cuadrículas de 10 x 10 km de afección.

En base ao anterior a DXPN indica que o estudo de impacto ambiental presenta carencias acusadas que impiden dar por válida a identificación, descrición, análise e/o cuantificación feita dos posibles efectos significativos do proxecto sobre o conxunto de elementos do patrimonio natural e a biodiversidade. É necesario engadir que é responsabilidade do promotor, de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a elaboración do estudo de impacto ambiental.

O informe conclúe que á vista dos antecedentes e da análise da documentación, o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade e por tanto, emítese informe desfavorable.

En data de 11/01/2023, o promotor da resposta ao antedito informe.

Á vista da resposta, a DXPN, en data 15/01/2023 sinala que a motivación que leva a informar desfavorablemente o proxecto é a xeración de impactos acusados sobre o patrimonio natural e





a biodiversidade, xa que analizadas as posicións dos aeroxeradores proxectados e os da contorna, confirmase que o aumento de densidade de aeroxeradores xerará probablemente un efecto sinérxico, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna, incompatible coas necesidades destas poboacións. Tamén sinala o informe a metodoloxía na elaboración do mesmo, estruturándose en dúas partes, unha inicial para unha primeira valoración do efecto do conxunto dos parques eólicos sobre as áreas de campeo e que da unha aproximación ao efecto baleiro para logo proceder a unha análise local, que considere as casuísticas concretas da zona bioxeográfica, o que permite unha primeira análise máis sistemática e regrada e unha segunda xa máis especializada onde a opinión experta é fundamental.

Asemade, a DXPN tamén informa en materia de competencias e aspectos legais, sobre a valoración do efectos sinérxicos.

En bases ao dito conclúe que:

- *"Á vista dos antecedentes e da análise da documentación considérase que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural é competente na emisión de informes sectoriais de avaliación dos impactos sobre os elementos do patrimonio natural e a biodiversidade, incluídos os sinérxicos".*
- *"O informe anterior está adecuadamente motivado, mentres que a metodoloxía empregada no estudo de impacto ambiental presentado para avaliar os efectos sinérxicos sobre a avifauna na fase de explotación non parece adecuada ao non establecer límites ao desenvolvemento eólico".*
- *"De acordo co sinalado, cabe ratificar o xa indicado no informe do 18.12.2022, concluíndo que o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emítese informe desfavorable".*
- **Augas de Galicia**, en data de 15/12/2022 informa que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado.

O 02/01/2022 o promotor acepta o contido do presente informe.

- O **Instituto de Estudos do Territorio** en data de 01/12/2022 informa que o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polas infraestruturas do parque, principalmente o aeroxerador, que pola súa forma e altura, e situarse nunha posición elevada, será visible desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias, alterando a composición paisaxística da contorna; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que esteña instalado, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos nas proximidades. Entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar os espazos públicos dos núcleos de poboación máis próximos, o miradoiro de Alto de Brañas da Cruz e o Camiño de Santiago (Camiño de Fisterra-Muxía). Aínda que non é viable ocultar ou apantallar o aeroxerador desde a maioría dos puntos de observación, esta incidencia visual non supón (para os efectos do artigo 33.1.d do RLPPG) un impacto crítico.

Ademais prodúcense os outros impactos anteriormente apuntados, susceptibles de seren mitigados coas correspondentes medidas de integración paisaxística.

O contido do EIIP non se axusta ao establecido no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, polo que deberá ser actualizado e completado segundo o indicado no dito informe.

- A **Dirección Xeral de Saúde Pública**, o 16/12/2022, emite informe favorable condicionado á presentación, con carácter previo ao inicio das obras da seguinte documentación:
 1. Estudio acústico cos resultados das medición nos períodos de día, tarde e noite.





2. Resultados dos posibles efectos sinérxicos de ruído ao respecto doutros parques eólicos próximos no ámbito de estudo, en relación con posibles edificacións ou núcleos afectados (Sanxumil e Caforra).

Se a documentación non se presenta no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou axeitada para a acreditación dos datos solicitados, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos dende o punto de vista sanitario.

O promotor responde mediante escrito do 02/01/ 2023 aceptando o informe emitido.

- A **Axencia Galega de Turismo** en data de 14/10/2022 informa que debe completarse o estudo de impacto turístico identificando recursos turísticos do ámbito de estudo, pois non se atopan completos, indicando a distancia destes co parque eólico, engadindo o mapa dos parques eólicos e as liñas de evacuación da contorna con estudos acústicos sobre sinerxía e o efecto sinérxico sobre a visibilidade nos elementos turísticos, completando as medidas preventivas e correctoras e incluír o Plan de Vixilancia Ambiental ou facer referencia ós apartados do plan de vixilancia ambiental do EsIA que afectan ao turismo.

O promotor responde en datas de 21/11/2022 e 15/12/2022 completando documentación e presenta un estudo turístico.

- A **Consellería do Medio Rural** en data 17/11/2022 informa favorablemente o proxecto presentado, coas seguintes indicacións:

1.-A Dirección Xeral de Defensa do Monte, indica que se deberá manter permanente a operatividade das infraestruturas forestais afectadas (pistas, devasas, depósitos contra incendios forestais,...) e se realice a axeitada xestión da biomasa vexetal.

2.-O Servizo de Infraestruturas Agrarias de A Coruña, sinala que nas zonas de concentración parcelaria con proceso rematado coa acta de reorganización da propiedade, as obras realizadas no seu perímetro xa non precisan autorización previa dese servizo.

3.-O Servizo de Montes de A Coruña, sinala que o impacto do parque é moi limitado no ámbito forestal, non afectando a montes de dominio público nin patrimoniais, ou a montes veciñais en man común, indicando que durante a realización dos traballos deberase evitar a corta innecesaria do arboredo, respectando, no posible, os pés de frondosas autóctonas e da vexetación de ribeira, respectando en todo caso as distancias establecidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes e na Lei 3/2007, do 29 de abril, de prevención de incendios forestais.

Consta no expediente resposta do promotor, do 28/11/ 2022, ao informe do Servizo de Infraestruturas Agrarias de A Coruña, aceptando o contido do informes. Tamén, con datas do 02/01/2023, dá contestación, aceptando os informes emitidos pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal a Dirección Xeral de Defensa do Monte.

- A **Sociedade Galega de Historia Natural** en data de 19/12/2022 indica diversas carencias no EsIA que se deben emendar e/ou corrixir, entre eles, destaca a necesidade avaliar os impactos acumulativos e sinérxicos do parque eólico con outros parques eólicos e as súas infraestruturas accesorias.
- A **Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático** en data de 11/10/2022 informa favorablemente o EsIA presentado.
- Así mesmo, consta un informe do Servizo de Enerxía e Minas da **Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña** na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle as características técnicas do proxecto, un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados





técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública, e no cal conclúe que procede continuar coa tramitación da avaliación de impacto ambiental e autorización administrativa previa.

- Segundo o previsto polo artigo 24 da Lei 9/2021/ do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, enténdese que os informes non remitidos é debido a que o órgano substantivo entendeu que son favorables.

No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo constan as presentadas por 17 particulares, asociacións de ámbito ecoloxista e sindicatos.

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (bens e dereitos afectados, afección económica ás explotacións forestais e agro-gandeiras e retorno social, expropiacións de terreos, seguridade industrial, Plan sectorial eólico, fragmentación do proxecto, aspectos urbanísticos, etc.) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Alto da Croa II consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 4,50 MW de potencia total no concello de Dumbría (A Coruña), constituído por 1 aeroxerador de 4,50 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Parque eólico Ampliación Alto da Croa II			
Vértice Poligonal	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89		Concello
	X	Y	
1	491.874	4.762.196	Dumbría
2	491.874	4.762.786	
3	492.705	4.764.446	
4	493.737	4.764.244	
5	492.766	4.762.203	

A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano nº 3.1 "Ordenación sobre cartografía" do PIA "Ampliación Alto da Croa II".





4. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista do informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e das cautelas establecidas polo resto dos organismos, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable polo que se propón formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto.

O Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
Juan Manuel Camiño Soto (asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do parque eólico Alto da Croa II, promovido por Wind Premier S.L.U no concello de Dumbría (A Coruña), nos termos propostos polo Servizo Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso algún sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura electrónica)

A Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
María Sagrario Pérez Castellanos (asinado electronicamente)

